

## #Baiona : Podemos organiza unha charla-coloquio sobre Medio Ambiente no Ángel Bedriñana.

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Xoves, 13 Agosto 2015 19:35

---



O encontro abordará as temáticas "Pesca e Medio Ambiente" , "Crises e Medio Ambiente" e "Políticas neoliberais e Medio Ambiente". Será o vindeiro sábado 15 de agosto ás 19 horas na Sala Multiusos "Ángel Bedriñana", no soto da Praza de Abasto de Baiona. Entrada de balde.

Os coloquios estarán a cargo de Vicente Vázquez Castelo (Pesca e Medio Ambiente), biólogo vencellado ao mar, Daniel Licerias Pascual (Crises e Medio Ambiente), físico e Juan Villarino

Martínez (Políticas neoliberais e Medio Ambiente), politólogo.

Se abrirá unha quenda de preguntas para que o público asistente dialogue cos poñentes.